

## Estimadas familias do alumnado de infantil e primaria:

Coa presente circular informativa queremos darvos traslado de información relativa a cuestións organizativas básicas que deseñamos no centro para facilitarvos os primeiros días de curso.

### **MÁSCARA FACIAL DE SEGURIDADE.**

Por norma xeral, o uso da máscara no centro escolar será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersoal. Tamén recomendamos o seu uso para o alumnado de educación infantil no transporte escolar e no tránsito polas zonas comúns do centro (sempre que exista boa tolerancia).

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Por norma xeral, o uso da máscara no centro escolar será obrigatoria para todo o persoal que traballa no mesmo.

### **MEDIDAS BÁSICAS DE PREVENCIÓN E HIXIENE.**

Todas as aulas e espazos do centro estarán dotados de solución desinfectante, panos desbotables, xel hidroalcohólico e papeleiras con pedal.

As tarefas de limpeza e desinfección veranse reforzadas, especialmente nos espazos comúns e nos aseos.

### **ENTRADA.**

- **A entrada no recinto escolar só está permitida ao alumnado, agás no caso do alumnado de infantil que poderá chegar acompañado dun familiar.**
- O alumnado **non transportado** poderá acceder ao centro a partir das **9h20**.
- O alumnado de Ed. Infantil agardará no seu patio cuberto nos espazos diferenciados para cada grupo ata a entrada nas aulas.
- O alumnado de Ed. Primaria dirixirase a súa chegada **directamente a súa aula** sen facer fila.

### **ENTRADA PRIMEIROS DÍAS.**

Cada titor/a acollerá ao seu grupo no patio no día da súa incorporación e acompañarao de forma ordenada a súa aula ás 9h30:

**Xoves 10, 4º e 5º infantil e 1º, 2º, e 3º primaria.**

**Venres 11, 6º infantil e 4º, 5º e 6º primaria.**

### **SAÍDAS.**

Para evitar a aglomeración de persoas á saída do centro, flexibilizarase o horario dentro da última hora lectiva. O alumnado que non asiste ao comedor será recollido no seguinte horario:

- **14h10: Infantil e 4º de primaria.**
- **14h20: 1º, 2º e 5ºA de primaria.**
- **14h30: 3º, 5ºB e 6º de primaria.**

Excepto o alumnado de infantil que será recollido no seu patio cuberto, o resto do alumnado será levado polos titores ata o portal. Todos saíran pola porta pequena de entrada ao recinto.

## COMEDOR

Neste curso escolar o servizo de comedor está organizado en tres quendas. Poderase consultar no taboleiro de anuncios do centro a listaxe do alumnado admitido para o servizo de comedor escolar. Por motivos de Protección de datos, a información non pode ser publicada por outros medios.

- 1ª quenda: **13.35h a 14.10h**. Alumnado de **infantil, 1º, 2º, 4º y 5º A primaria**.
- 2ª quenda: **14.30h a 15.10h**. Alumnado de **3º, 5º B e 6º primaria**. Alumnado **ESO**.
- 3ª quenda: **15.30h a 16.00h**. Alumnado **ESO**.

Rogamos que as familias do alumnado non transportado recolla aos seus fillo/as ao rematar a súa quenda de comedor ou, se non fose posible, na hora de remate da quenda seguinte. Non se poderá recoller ao alumnado noutra hora.

Ao coincidir a saída da segunda quenda coa saída do alumnado que non come no comedor, a súa recollida farase do seguinte xeito:

- **14h10: Infantil e 4º de primaria.**
- **14h20: 1º, 2º e 5ºA de primaria.**

O alumnado será levado polos colaboradores do comedor ata o portal. Todos sairán polo portal grande de entrada ao recinto.

## MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVA

**Alumnos/as:** deberán, con axuda das súas familias, realizar unha auto enquisa diaria de síntomas compatibles cunha infección por SARS-CoV-2, mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no Anexo I, que debe realizarse antes da chegada ao centro.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e co Equipo COVID do colexio no teléfono 649467094.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS CoV- 2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

Para tales fins, pedirase a sinatura dunha declaración responsable na que a familia se comprometa a realizar a auto enquisa diaria.

Teléfono móbil de contacto Equipo COVID do centro ( <u>unicamente para informar sobre sospeita ou confirmación dun caso de COVID no alumnado</u> )	649467094
Enderezo electrónico contacto Equipo COVID do centro ( <u>unicamente para solicitar información sobre o protocolo de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas no centro</u> )	infocovidcpisantalucia@gmail.com

Moitas grazas pola vosa comprensión e colaboración.

Un saúdo.

A xefatura de estudos de infantil e primaria / A dirección.